

GZ-T

GALEGUIZA-T

UN EDLG SEN PROFESORADO

GALEGUIZA-T é unha plataforma xuvenil creada dentro dun instituto de ensino secundario de Oleiros e promovida por Alberto Pombo, aplicando modelos de práctica militante nun contexto estudantil español falante case na totalidade do alumnado. Nin hai positivos, nin conta para a nota, nin hai que ser alumno das súas materias.

O que se prometeu foi a creación dun EDLG integrado apenas por mocidade militante na defensa da lingua baixo a coordinación dun único profesor, onde as decisións fosen tomadas de forma consensuada e asemblearia e nas que o estudantado puidese asumir a responsabilidade das campañas, da promoción das mesmas e da xestión dos recursos económicos ao noso dispor.

Nacemos a finais de 2019 e démonos a coñecer a principios de 2020 e, a pesar da pandemia; a pesar de que algún dos membros do colectivo está hoxe na Universidade; a pesar de que Alberto Pombo xa non é profesor en Oleiros... **GALEGUIZA-T** mantense como unha realidade desenvolvendo contidos en lingua galega creados por e para mozos:


As primeiras campañas, iniciadas no inverno de 2019, estiveron destinadas á identificación de prexuízos por parte da mocidade.

Organizados, preparamos un ciclo de **conferencias** que proferimos **NÓS**: os mozos e mozas de entre 12 e 18 anos integrantes do colectivo.

Primeiro para a formación do alumnado e profesorado do noso centro. Mais sóubonos a pouco. Queríamos saír dos muros do instituo....

A seguir contactamos con outros institutos de educación secundaria próximos e mesmo fomos tamén falar a centros de ensino primario.

Cando a pandemia nos quixo frear, ofrecemos a conferencia de forma telemática, chegando mesmo a falarmos para o alumnado de institutos da outra punta do país. De Oleiros... a Redondela:



Saír do “Centro” para saírmos da periferia.

Asumimos que 40 anos de políticas lingüísticas foran un fracaso, pois nós nin falabamos galego nin tiveramos ningunha intención previa de o facer. Por iso, identificamos as inercias que o noso e outros institutos descansaban sobre os EDLG, máis relacionados coa promoción cultural do que coa lingüística:

Celebración do magosto, concurso de filloas, selección da palabra máis fermosa da lingua como se esta fose un obxecto de museo, identificación de non sabemos cantas palabras para a choiva, organización de xogos populares...

Iniciativas que, aos nosos ollos, non nos conectaban como mocidade coa lingua:



Por que nos había conectar comer castañas co uso da lingua?
 E onde está a soberanía estética da que falaban as Irmandades da Fala?

Após a organización das conferencias quixemos organizar un festival de música. Sen gaitas, porque iso xa o coñeciamos, senón coa música que escoitamos hoxe. E xurdiu a dúbida:

Hai trap en galego?

Seguro que a dúbida a terían outros mozos e mozas, así que desenvolvemos a nosa primeira campaña e presentamos a **PRIMEIRA ANTOLOXÍA DA MÚSICA GALEGA CONTEMPORÁNEA**, unha playlist con **300 bandas galegas EN ACTIVO**, o que trouxo para a luz dúas cousas:

O rico patrimonio que estaba a ser creado e do que nada sabiamos e o enorme esforzo que estaban a desenvolver a meirande parte das bandas musicais sen apoio institucional.

Así naceu a nosa primeira campaña viral, e a nosa primeira achega significativa para a cultura galega. Preparamos un cartaz e difundímolos por todos os medios e institutos da Galiza. Mesmo o levamos até a televisión pública.



nova antoloxía da
**música
galega**
contemporánea

por EDLG Neira Vilas
OLEIROS

**Temos Trap en galego? E Reggaeton? Oi?
Death Metal? Heavy? Bachata? Cumbia?
Hip Hop? Reggae? Experimental? Salsa?
Indie? Jazz? Pachanga? Cumbia? Punk?
Electrónica? Pop? Rap? Blues? Country?**



... descúbreo en:

-> spoti.fi/2YkV0de



LISTA

"Galeguiza-T" - Nova antoloxía da música galega contemporánea

Colectivo "Galeguiza-T", do EDLG Neira Vilas [Oleiros, Galiza]

Creada por Alberto Pombo • 294 canciones, 17 hr 39 min

REPRODUCIR



SEGUIDORES
770

🔍 Filtrar

Descargar

	TÍTULO	ARTISTA	ÁLBUM	📅 ✓
♡	Cadeleo	Los Jinetes del Tr...	Cadeleo	2019-12-03
♡	Non é verán de Estrella Damm	EXPLICIT Ezetaerre	Non É Verán de E...	2019-12-03
♡	Surfistas Nazis	Familia Caamagno	Hai Que Andar C...	2019-12-03
♡	Bótalle caldo (Cumbia malandra)	Malandrómeda	Cada Can Que La...	2019-12-03



09 de decembro de 2019

Ponse en marcha unha iniciativa para difundir a música en galego a través dunha lista de Spotify

Nova Antoloxía da Música Galega Contemporánea

Galeguíza-T, a mocidade de Oleiros a pular pola lingua

Hai uns días vía a luz nas redes a **Nova antoloxía da música galega contemporánea**, impulsada polo colectivo **Galeguíza-T**, un grupo de de estudantes do IES Neira Vilas de Oleiros. O coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística do centro, **Alberto Pombo**, cóntanos como naceu este proxecto que está a revolucionar as redes.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA

Inicio Fondos Publicacións Eventos
OBJECTIVOS MEMBROS CONSULTAS CARTA DE SERVIZOS ENQUISA
NOTICIAS AXUDAS E PREMIOS CURSOS E CONGRESOS DINAMIZACIÓN EMPREGO INVE

Noticia

09/12/2019

Galeguíza-T difunde a riqueza e diversidade da música en galego

Tweet

Recomendar

Una persona recomienda esto. Sé el primero de tus amigos.

O colectivo Galeguíza-T, composto por un grupo de estudantes do IES Neira Vilas de Oleiros que participan activamente no Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro, está a difundir nas redes a iniciativa *Nova antoloxía da música galega contemporánea*, unha lista de Spotify con máis de 200 artistas ou grupos contemporáneos que fan música en galego. O obxectivo é difundir entre a mocidade a riqueza e diversidade da música feita no noso idioma, que abrangue estilos tan variados coma o trap, o reggaeton, o death metal, o heavy, a bachata, a cumbia, o indie ou o jazz, entre outros.




Até que nos freou a pandemia, mantivemos reunións con representantes do concello para realizarmos o **primeiro festival de música galega contemporánea de Oleiros**. Tiñamos organizado o espazo e a seguridade urbana, o desprazamento de máis de 1500 mozos, o palco e o son, o caché coas bandas... a´te que chegou o virus que, a día de hoxe, aínda non nos permitiu retomar este traballo onde o deixamos. Pola contra, aproveitamos para promover a música en galego a través de dous espazos: **RadiOleiros FM e Instagram**, onde mesmo chegamos a facer varios **concursos con premios** que conseguimos contactando con negocios locais que se sumaron ás campañas.




Galeguiza-T - EDLG Neira Vilas
OLEIROS



Galeguiza-T - EDLG Neira Vilas
OLEIROS



- Sabías que..
- Entrevistas
- Reaccións
- Concursos
- Gameplays
- Recomendacións
- ...



A nosa conta de Instagram, activa desde fins de 2019, contén máis de 270 publicacións fixas con seccións de ciencia, arte, concursos e curiosidades, entrevistas con escritores, músicos e youtubeiros. Ademais dun repositorio de milleiros de stories.

Ademais, os contidos poden ser vistos en plataformas como youtube, onde engadimos outras seccións como videorreaccións ou gameplays.

Ninguén nos manda. Ninguén nolo pediu. Mais o galego é xa a nosa realidade e seguir creando os contidos que nós non tivemos, mais que si consumiamos noutra lingua.



ASÍ SON OS CŌNTIDOS QUE CREAMOS!



A mocidade non é o problema, é a única solución.

...e por iso, novamente baixo o contacto de Alberto Pombo (agora profesor na Costa da Morte) establecemos conexión con outras plataformas da mocidade promovidas por el, inspiradas na experiencia do feito connosco:



E agora que?

Galeguiza-T é hoxe unha realidade xuvenil que saiu dos muros dun centro de ensino para se converter nunha plataforma autónoma de promoción da lingua galega entre iguais.

Unha iniciativa que semella ser un novo modelo de dinamización para outro profesorado, e de organización xuvenil en defensa da lingua para a mocidade.

Nós seguimos e, se nin a pandemia puido connosco, por que íamos parar agora?

Se nos buscades, estaremos nas redes creando contido en galego. Fai coma nós, dá o paso e...

GALEGUIZA-T

Máis información:

https://www.youtube.com/channel/UC_2fxLCUhFx-iANSc_Rkrow

https://www.instagram.com/galeguiza_t/

II Xornadas de Normalización Lingüística
Debate e reflexión sobre a lingua no ensino

ALBERTO POMBO  

GALEGUÍZA-T E COLECTIVO XA:
PLATAFORMAS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO ESTUDANTADO

-Docente de lingua e literatura galegas no IES Agra de Raíces de Cee.
-Coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística do IES Neira Vilas de Oleiros, curso 2019-2020

Propostas de traballo nas que: dotar ao galego de espazos de prestixio, organización da mocidade, acompañamento, o alumnado toma as decisións, os alumnas e os alumnos son os protagonistas (...)

Galeguiza-T nas diferentes redes sociais

Para saber máis do Colectivo Xa, *Xuventude Alerta*

SISTEMA DE ACCESO:
-Información no correo electrónico de admisión.  **A MESA**
-Video conferencia: mínimo 85% de conexión.

[Ligazón á matrícula](#)



<https://youtu.be/6SaHteDYgOI?t=607>